



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Educación: Teoría e institucións contemporáneas da educación

Materia	Educación: Teoría e institucións contemporáneas da educación			
Código	P02G110V01204			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicossocioeducativa			
Coordinador/a	Soto Carballo, Jorge Genaro			
Profesorado	Fernández González, María Reyes Soto Carballo, Jorge Genaro			
Correo-e	hesoto@uvigo.es			
Web	<a href="http://webs.uvigo.es/hesoto">http://webs.uvigo.es/hesoto</a>			
Descrición xeral	<p>A materia Teoría e Institucións Contemporáneas de Educación persigue que os alumnos e alumnas adquiren unha visión de conxunto dos principais fenómenos e problemas educativos referidos ó seu quefacer profesional, de xeito que poidan chegar a contempla-los procesos educativos como accións e feitos humanos que actúan coherentemente nun sistema social; permitindo ós estudantes analizar, relacionar e sintetiza-los distintos elementos que constitúen estes procesos. Desde esta perspectiva abórdase o estudio das bases fundamentais que fan posible a existencia dos fenómenos educativos: como actúan eses elementos dentro dunha cultura concreta, de que forma se relacionan dentro do sistema educativo, como evolucionan no transcurso do tempo, que mecanismos se poñen en funcionamento ó operar dun determinado xeito, en que sentido se pode afirmar que producen educación, etc.</p> <p>Os elementos que configuran o estudio teórico e institucional da educación, non poden ser tratados como se estiveran illados, independentemente das estruturas -humanas, físicas ou sociais- de que forman parte, senón dun xeito integrado. O que se persigue nesta materia, é que o alumno saiba interpretar ó final de curso a realidade educativa nas súas dimensións fundamentais; que desenvolva a razón e o sentido crítico ó estudia-la actividade escolar e outros procesos educativos; que saiba intervir pedagoxicamente sobre esa realidade e ter claro cal é o seu papel como maestro.</p>			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.

- B9 Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
- B11 Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovelos nos estudantes
- B12 Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
- C1 Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
- C6 Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
- C10 Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
- C12 Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.
- C13 Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e intergeneracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostenible.
- C14 Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.
- C19 Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.
- C20 Valorar a importancia da estabilidade e a regularidade na contorna escolar, os horarios e os estados de ánimo do profesorado como factores que contribúen ao progreso armónico e integral dos estudantes.
- C21 Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo no aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
- C22 Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.
- C27 Situar a escola infantil no sistema educativo español, no contexto europeo e no internacional.
- C28 Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
- C29 Valorar a importancia do traballo en equipo
- C32 Valorar a relación persoal con cada estudante e a súa familia como factor de calidade da educación.
- C41 Fomentar experiencias de iniciación ás tecnoloxías da información e a comunicación.
- C61 Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.
- C66 Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social.
- D1 Capacidade de análise e síntese
- D2 Capacidade de organización e planificación
- D3 Comunicación oral e escrita
- D5 Coñecemento de informática
- D6 Capacidade de xestión da información
- D7 Resolución de problemas
- D8 Toma de decisións
- D9 Traballo en equipo
- D11 Habilidades nas relacións interpersoais
- D13 Razoamento crítico
- D14 Compromiso ético
- D15 Aprendizaxe autónoma
- D17 Creatividade
- D21 Motivación pola calidade

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

1. Analizar, comprender e avaliar a educación como feito y como acción-intervención desde os marcos teóricos que nos proporcionan distintas teorías contemporáneas da educación.	A1	B1	C1	D1
	A2	B3	C10	D2
	A3	B5	C12	D3
	A4	B9	C13	D5
		B12	C14	D6
			C19	D9
			C21	D13
			C22	D14
			C27	D15
			C28	D17
			C29	D21
			C32	
			C41	
			C66	
2.- Analizar a evolución histórica das institucións educativas formais e non formais tendo en conta os condicionamentos sociais, políticos e normativos.	A1	B1	C1	D1
	A2	B5	C13	D2
	A3	B9	C14	D3
		B11	C27	D6
		B12	C28	D7
			C41	D9
				D11
				D13
				D14
				D15
				D21
3. Desenvolver un coñecemento reflexivo e crítico da educación que permita comprender a complexidade do proceso educativo.	A1	B1	C1	D1
	A3	B5	C6	D3
		B11	C13	D6
		B12	C14	D8
			C27	D9
				D13
				D14
				D17
				D21
4.- Valorar a acción educativa do mestre/a de educación infantil como un proceso de intervención profesional, o que supón explicar, xustificar e xerar pedagóxicamente a súa intervención	A1	B1	C1	D1
	A2	B5	C13	D2
	A3	B7	C14	D3
		B9	C19	D5
		B12	C20	D6
			C28	D7
			C29	D13
			C61	D14
				D15
				D21

## Contidos

Tema	
Concepto, finalidades e sistemas en educación. Bloque 1	1.1. A educación como fenómeno social 1.2 O educador: O profesor como educador profesional: delimitación do ámbito propio de actuación. Preparación específica. Compromiso de actualización. O educador: Uns certos dereitos sociais. Autonomía na acción. Compromiso deontolóxico. As funcións docentes. A personalidade do profesorado. Patoloxía da profesión docente
O coñecemento científico da educación. Bloque 2	2. Os principios de educación. 2.1 O educando. O individuo como suxeto da acción. Motivación e necesidades educativas. O desenvolvemento cognitivo. O educando: O desenvolvemento social. O desenvolvemento moral. Os estilos de aprendizaxe. O autoconceito como dimensión personal. 2.2 A educación en valores

3.1. Evolución histórica e novas perspectivas do Sistema Escolar. A escola de onte. Orixes e evolución histórica da Educación Escolar. A escola d noso tempo. O sistema educativo español actual. A escola do futuro . Novos plantexamentos educativos formais

3.2. A educación non formal. Orixe e evolución da Educación non formal. Áreas de actuación e axentes da Educación non formal. Os métodos e medios da Educación non formal. 3.3 A familia de hoxe en día.

Familia e sociedade. A educación familiar. A

comunidade educativa. Os escenarios da educación: Espazos formais, non formais e informais.

Teorías educativas contemporáneas e historia da educación infantil. Bloque 4

4.1. Rousseau e a orixe do naturalismo. O ideal rousseauiano. 4.2. A Escola Nova e a Escola Moderna. Teorías e métodos. 4.3. As Teorías Marxistas. 4.4. As Teorías antiautoritarias. 4.5. A Educación Personalista. Teorías e modelos. 4.6. O Modelo Crítico. 4.7. O enfoque comunicativo. 4.8. O modelo da reprodución social.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	15	31.5	46.5
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	7.5	11	18.5
Prácticas autónomas a través de TIC	0	10	10
Sesión maxistral	30	45	75

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Os traballos de aula ( traballos monográficos) terán como cometido a iniciación á investigación. Estes traballos versarán sobre unha temática previamente aportada polo profesor e relacionada coas temáticas dos bloques de contido.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	O profesor ofertará ó alumnado unha escolmna de textos. O alumno pola súa banda elixirá entre os textos ofertados. Consistirá nun análise crítico-reflexivo relacionado coas temáticas traballadas dentro dos contidos. Asimismo dentro da resolución de problemas e/ou exercicios abordarase a visualización de vídeos susceptibles de enriquecer a materia e complementa á información e os contidos que se desenvolvan nas clases.
Prácticas autónomas a través de TIC	Os alumnos pola súa banda, coa oportuna orientación do profesor, afondarán en cuestións concretas que non foran abordadas máis que dun xeito moi xenérico na exposición deste e que sexan susceptibles de tratamento de estudio recorrendo ós soportes documentais e bibliográficos pertinentes. O alumno realizará procuras documentais e bibliográficas para a maior comprensión dos bloques de contido. Neste sentido, apoiarase nas fontes e bases de datos especializadas tanto da biblioteca da nosa universidade como doutras fontes atopadas a través de internet.
Sesión maxistral	As leccións que conforman o temario desta materia serán elaborados e presentados de maneira expositiva ó grupo de clase polo profesor. O profesor centrará a súa exposición, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada unidade didáctica, procurando ofrecer de maneira condensada a información esencial que posibilite obter unha visión panorámica ou de síntese de cada tema, delimitando os conceptos, as ideas e os argumentos nel implicados e imbricándose cos demais do programa a fin de lograr unha integración dos módulos de contido e dos aspectos estruturais que conforman o corpus cognitivo da materia.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	A atención personalizada ten por obxectivo facer o seguimento da evolución do alumno e apoiar o seu traballo dentro da asignatura. O profesor abordará aqueles aspectos que precisen de reforzo, asesoramente e guía para que o alumno acade os obxectivos marcados para esta materia.

## Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballos de aula	O traballo monográfico consiste na investigación sobre aspectos relevantes da educación infantil. Serán avaliados tendo en conta a calidade das aportacións, o seu formato axustado ós estándares científicos o mesmo que as exposicións monográficas que serán avaliadas tendo en conta a capacidade expositiva diante da clase, o contido e a preparación dos materiais pertinentes de aportar calidade a á materia	20	A2 A3 A4	B5 B11	C1 C13 C14 C19 C27 C28	D1 D2 D5 D8 D9 D13 D14 D15 D17
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	O profesor propondrá traballos sobre contidos específicos (dossier) que aporten actualidade, reflexión crítica ás temáticas traballadas nas clases. Trátase, mediante o traballo personal e reflexivo, de afondar nos eidos da labor educativa que máis valor teñen no seu que facer profesional futuro	10	A2 A3 A4	B5 B11 B12	C1 C13 C14 C19 C27	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D14 D17
Sesión maxistral	As sesións maxistras serán avaliadas mediante unha proba. Dita proba avaliará as competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de maneira directa e breve en función dos coñecementos que teñen sobre a materia.	70				

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A cualificación final da disciplina resultará da integración das distintas notas. Deberán ser superadas todas as partes para poder obter unha calificación positiva. O alumno que non realice todas as actividades de avaliación obterá unha cualificación final de SUSPENSO. En Xullo avaliarase mediante un exercicio escrito, a entrega dun traballo monográfico e o dossier feito na clase. Tanto a calificación dos traballos derivados da resolución de problemas, é dicir, contidos específicos (Dossier) como a calificación dos traballos de aula (traballo monográfico) feitos no seu momento durante o curso, seguirán vixentes na segunda convocatoria ou convocatoria extraordinaria. Os alumnos non asistentes terán un exame escrito final de toda a materia e a entrega dun dossier ou monográfico sobre una temática específica propia da materia. As datas de exámenes se pueden consultar no seguinte enlace: <http://feduc.webs.uvigo.es/index.php?id=189,921,0,0,1,0>

### Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA: □ NEGRÍN FAJARDO, O. (2005): Teorías e institucións contemporáneas de educación. Madrid, Centro de Estudos Ramón □ Areces. □ FAURE, E. (1981): Aprender a ser. Madrid, Alianza Universidad □ SARRAMONA, J. (2000): Teoría de la educación. Reflexión y normativa pedagógica. Barcelona, Ariel Educación. □ SANCHIDRIÁN, C. (2010): Historia y Perspectiva actual de la Educación Infantil. Barcelona, Edit. Graó. Bibliografía Complementaria: □ ALDECOA, J. (1990): Historia de una maestra. Anagrama, Barcelona. □ ALUMNOS DE LA ESCUELA DE BARBIANA (1986): Carta a una maestra. Hogar del libro, Barcelona. □ APPLE, M. W. (1987): Educación y poder. MEC, Madrid. □ APPLE, M.W. (1986): Ideología y currículo. Akal, Madrid. □ AVANZINI, G. (1979): La pedagogía en el siglo XX. Narcea, Madrid. □ BERSTEIN, B. (1990): Poder, educación y conciencia. Sociología de la transmisión cultural. El Roure, Barcelona. □ CARR, W. (1990): Hacia una ciencia crítica de la educación. Laertes, Barcelona. □ CASTILLEJO BRULL, J.L. e COLOM, A.J. (1987): Pedagogía sistémica. CEAC, Barcelona. □ CASTILLEJO BRULL, J.L. (1985): Nuevas perspectivas en las ciencias de la educación. Anaya, Madrid. □ COLOM CAÑELLAS, A.J. (1982): Teoría y metateoría de la educación. Trillas, México. □ COOMBS, P.H. (1985): La crisis mundial de la educación. Perspectivas actuales. Santillana, Madrid. □ COSSÍO, M.B. (1985): Una antología pedagógica. MEC, Madrid. □ CHARLOT, B. (1985): Educación, cultura e ideología. Anaya, Madrid. □ DEWEY, J. (1995): Democracia y educación: una introducción a la filosofía de la educación. Morata, Madrid □ DIENELT, K. (1980): Antropología pedagógica. Aguilar, Madrid. □ ESTEVE ZARAZAGA, J.M. (1994): El malestar docente. Laia, Barcelona. □ FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (1990): La cara oculta de la escuela. Espasa editores, Madrid. □ FERRER GUARDIA, F.(1976): La escuela moderna. Júcar, Madrid □ FLECHA, R. (1990): La nueva desigualdad cultural. El Roure, Madrid. □ FREINET,C(1974): El diario escolar. Laia, Barcelona. □ NEGRIN FAJARDO y VERGARA CIORDIA. (2005). Antología de textos de teorías e institucións contemporáneas de educación, Madrid, Editorial Universitaria Ramón Areces. □ POZO ANDRÉS, Mª del Mar (2004). Teorías e institucións contemporáneas de educación, Madrid, Editorial Biblioteca Nueva, S.L. □ SARRAMONA, J., COLOM, A. J. y VAZQUEZ, G. (1998). Educación no formal, Barcelona. □ Touriñán, J. M. (2016). *Pedagogía general. Principios de educación y principios de intervención pedagógica*. A Coruña: BelloyMartínez.

### Recomendacións

